

Área: Servizos Médicos

Circular nº 03 - Temp. 23/24

RECOÑECIMENTOS MÉDICOS TEMPADA 23/24

Co fin de axilizar e axudar no proceso de tramitación de licenzas federativas aos nosos clubs, e como xa levamos a cabo nas pasadas tempadas, a Federación Galega de Balonmán dende a Área de Servizos Médicos, facilitará a realización dos certificados médicos aos xogadores/as, técnicos e árbitros/as de cara a tempada 23/24, desprazando a un equipo facultado a cada localidade para proceder coas probas médicas pertinentes. Lembramos que na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada no 2019 no mes de xullo, aprobouse a proposta por parte da FGBm de que non se esixa o certificado médico aos deportistas para tramitar as licenzas nas categorías prebenxamín, benxamín e alevín (agás os/as xogadores/as que participen con categoría infantil); nas categorías anteriormente citadas será suficiente cunha autorización familiar para a tramitación das mesmas. Dende a FGBm aconsellamos que aínda que non sexa de carácter obrigatorio o certificado médico, recomendamos que na medida do posible todos/as os/as xogadores/as pasen un control médico que acredite a súa aptitude para xogar ao balonmán.

REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA A SOLICITUDE DO SERVIZO

- Un mínimo de 40 xogadores/as (consultar se o número é inferior).
- Dispor dunha sala independente onde poder realizar as diferentes probas aos/as deportistas.
- Os/as deportistas ou os pais, nais ou titores legais (no caso de menores de idade) deben realizar un documento pre-certificado que incluíra a autorización familiar e os antecedentes médicos familiares e persoais de cada xogador/a. Este documento, debe ser entregado a persoa responsable dos servizos médicos que acuda á proba médica. (Dito documento a cubrir será facilitado pola FGBm aos clubs nos días previos a proba).
- O prezo por certificado médico é de 17€/persoa e facturárase directamente ao club.

O CERTIFICADO ACREDITARÁ

Antecedentes médicos (persoais e familiares) aportados no documento que se entrega previamente a cada xogador/a.

- Exploración cardiorrespiratoria (con auscultación completa, TA, FC e pulsos periféricos).
- Exploración do aparato locomotor.
- ECG en repouso

SOLICITUDE DO SERVIZO

Todos os clubs interesados en facer uso deste servizo deben enviar un mail a servizosmedicos@fgbalonman.com con copia a administracion@fgbalonman.com antes do domingo 06 de agosto ás 20:00h; coa finalidade de axilizar a realización dos recoñecementos, a Federación tamén realizará certificados durante o mes de xullo. Unha vez revisadas todas as solicitudes, a FGBm fixará a data de visita para cada club. Recomendamos que para unha mellor organización, os clubs que xa poidan realizar os recoñecementos médicos que os soliciten para logo non ter problemas cas datas no mes de agosto.

É importante que se respecte a data máxima de solicitude (13 de agosto de 2023); de non ser así, a FGBm non garantirá a realización do servizo.

En Vigo, a 10 de Xullo de 2023

